

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

*EXTRACTO da Orde do 3 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento MT809B).*

BDNS (Identif.): 874279.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/874279>

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán acollerse a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando que se especifica no anexo I e que fose afectado por ataques de lobos dentro da Comunidade Autónoma.

Segundo. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras afectadas polos ataques do lobo ás reses das súas explotacións, coa finalidade de compensar os danos ocasionados no seu gando, e convocalas para o ano 2026 (código de procedemento MT809B).

Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Orde do 3 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento MT809B).

Cuarto. *Contía*

O importe total da convocatoria é de cincocentos noventa e sete mil setecentos vinte e catro euros (597.724 €).

CVE-DOG: mnyecp0-t8o9-xg50-ebz2-jnjkpwcpse5



1. O importe das axudas por morte do gando figura no anexo I da convocatoria, para cuxo cálculo se tivo en conta tanto o dano emerxente como o lucro cesante.

Este importe incrementarase nun 10 % no caso daquelas explotacións en que se comprobe a aplicación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo (cans para a protección e defensa do gando, cerrumes de malla electrificada, valados fixos electrificados e valados fixos con malla gandeira ou cinexética), e que fosen avaliadas como axeitadas pola comisión de valoración correspondente.

2. No caso de animais feridos, a axuda estimarase en función dos gastos veterinarios producidos e acreditados (enténdese por gasto veterinario tanto a actuación do persoal profesional como o tratamento prescrito), nunha contía que en ningún caso poderá exceder o límite das contías previstas no anexo I desta orde.

No caso de animais que tras o tratamento prescrito morran como consecuencia das feridas producidas polo acto de depredación, a axuda poderá superar o límite das contías previstas no anexo I da convocatoria. Nestes casos a axuda estimarase en función das contías previstas no anexo I desta orde por animal, máis os gastos veterinarios producidos e acreditados ata un máximo do 10 % das anteditas contías.

No caso de reses afectadas polo ataque de lobo que sobrevivían ao acto de depredación e como consecuencia del sufran un aborto, que precisará dunha certificación veterinaria que o acredite, a cantidade compensatoria por cada aborto corresponderá a un 75 % do valor da clase e idade máis baixa, segundo as contías previstas no anexo I desta orde. No caso de parto múltiple compensarase por cada un dos animais abortados.

3. Os gastos de eutanasia producidos e acreditados serán compensables. O importe máximo da compensación dos gastos de eutanasia por animal establécese en 75 €. No caso de que os gastos excedan este importe, a persoa beneficiaria terá dereito á axuda máxima, é dicir, 75 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

a) Para os danos comunicados entre o 1 de outubro de 2025 e a entrada en vigor desta orde, o prazo de presentación será dun mes contado a partir da entrada en vigor desta orde.

CVE-DOG: mnyecp0-t8o9-xg50-ebz2-jnjkwcpse5



É requisito imprescindible que se comunicase previamente o ataque do xeito e no prazo previsto na Orde do 3 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2025.

b) Para os danos ocasionados a partir da entrada en vigor desta orde, o prazo de presentación será dun mes contado desde o día seguinte ao da comunicación do dano.

Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2025

Ángeles Vázquez Mejuto  
Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

CVE-DOG: mntyecp0-t8o9-xg50-ebez-jnjkkpwcps5

